



Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.*

OBRADOIRO VIOLENCIA DE XÉNERO NA PUBLICIDADE E NOS MEDIOS AUDIOVISUAIS

Dentro do **Plan Proxecta 2020-2021: Por 365 días de respecto e igualdade** organizamos unha charla para 1º BAC sobre o tratamento da **violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais** financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade.

A xuntanza tivo lugar o día 9 de abril e foi impartida por Ánxeles Gómez.

A relatora introduciu o obradoiro lembrando a diferenza entre *sexo* e *xénero*; despois fixo unha análise dos diferentes axentes socializadores: linguaxe, familia, escola, amizades, institucións, relixión ou os medios de comunicación.

Posteriormente, centrouse na publicidade que aparece nestes últimos e fixo un percorrido por diferentes anuncios onde aparecía, de forma explícita ou implícita, a violencia de xénero.

Explicou que a visión sexista e machista que ofrecen impide que superemos os estereotipos dentro da nosa sociedade. Tamén incidiu no dano que provocan a pornografía, a prostitución e o mito do amor romántico.

Rematou a sesión ofrecendo claves para non ser cómplices da nosa sociedade machista e propoñendo exemplos de publicidade non sexista onde muller e home poden desenvolver o mesmo rol, en igualdade de condicións e sen matices pexorativos.

Deixámosvos algunhas fotografías de distintos momentos da charla.

CHARLA 1º BAC

Violencia de
xénero na
publicidade
e nos
medios
audiovisuais



9 de abril
12:35-14:15h
Salón de Actos





